

- ✚ **PROPOSTA DE ACORDO PARA CONVOCATORIA GRAO I,II,III EXTRAORDINARIO DE CARREIRA PERSOAL FUNCIONARIO E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DE PERSOAL LABORAL.**
- ✚ **PROPOSTA DE ANTEPROXECTO DE DECRETO PROGRESIÓN NA CARREIRA PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL E AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO**

*Santiago de Compostela 6/07/25*

O día 30 de decembro de 2024 recibimos a Proposta para proceder a convocar o proceso extraordinario a carreira de persoal funcionario e complemento de desempeño de persoal laboral da AXXG. **Nese intre os sindicatos solicitamos convocatorias anuais de sistema transitorio ata que entrase en vigor a carreira ordinaria, e non producirse valeiros, deixando persoal polo camiño.**

A DXEPAP convoca Mesa para o 17 de xullo, coa mesma proposta de modelo extraordinario, **non incorpora ningunha alegación de UGT**, e proposta de anteproxecto de Decreto de carreira ordinaria que **establece un entronque entre o modelo extraordinario e o ordinario:**

- ✚ **2025-2028** convocatoria anual anualmente se convoca **grao extraordinario**.
- ✚ **2029-2031** convocatoria anual **grao ordinario transitorio** (aínda non estará completada a avaliación do desempeño).
- ✚ **2032** convocatoria anual **grao ordinario**, con sistema de avaliación do desempeño completo.

#### **Proposta de grao extraordinario:**

- ✚ Os **efectos económicos do 1 de xaneiro de 2025**, cumpríndose co acordado con este sindicato.
- ✚ **A proposta é idéntica para persoal funcionario e laboral**, outra das premisas do acordado.
- ✚ **As contías se actualizan dende o ano 2019** tal e como se acordou coa Xunta, polo que levan acumulado un **9,8% de incremento**, o igual que o resto de retribucións, e está **pendente un 0'5%** de atrasos dende xaneiro de 2024, incrementos acordados UGT SP a nivel estatal.
- ✚ **Requisitos e méritos iguais para os graos extraordinario I e II**, que se convocaran de novo toda vez que non está regulada a carreira ordinaria,

- ✚ **Requisitos para os grao extraordinario respectan o acordado, pero incrementan os méritos, dende o noso punto de vista, desproporcionadamente, xa que en formación que son 40 horas grao I e 80 grao II, suben a 180 horas en grao III, e NON estamos de acordo.**
- ✚ **Catro anualidades para percibir a contía íntegra do grao correspondente, I, II ou III. UGT SP. Inaceptable, aínda que se xustifique coa reapertura do grao I e II extraordinario.**

Dende unha análise mais detida do Anteproxecto de carreira ordinaria e tendo en conta as aportacións que nos queirades facer chegar, faremos unha contraproposta en tempo e forma.

Consulta as propostas nos seguintes enlaces:

[Proposta de anteproxecto de decreto polo que se aproba o regulamento do sistema de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia e a avaliación do desempeño.](#)

[Proposta de acordo entre a Xunta de Galicia e as Organizacións Sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I, II e III do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral.](#)

[Proposta de acordo entre a Xunta de Galicia e as Organizacións Sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I, II e III do sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa para o persoal funcionario.](#)

